

25 de Marzo de 2018

PREGÓN: Feira do Viño de Sober

Escrito por Cristina Pato

Coller o coche e perderme pola Ribeira Sacra é un dos praceres dos que desfruto dende que comecei a conducir. É un lugar máxico, cheo de historia e de recunchos que lle permiten a unha encontrarse a si mesma. Pasar a infancia en Armariz (en Nogueira de Ramuín) fixo que a miña paixón por este paraíso case descoñecido fora crecendo cos anos. O máis habitual cando viñan visitas e familiares da emigración, era levalos a desfrutar da nosa paisaxe, a degustar os nosos caldos e parar a visitar mosteiros aos dous lados da ribeira...

Heroica é a fazaña da vendima na Ribeira Sacra, cos seus socialcos imposibles de vendimar se non fora polo traballo en equipo. Pero heroica tamén é a historia desta Feira, todo un exemplo de unidade e colaboración... Lendo sobre a súa orixe unha decátase do poder do pobo como motor da supervivencia dos nosos costumes e das nosas tradicións.

Hai 38 anos que Sober pensou en renovar a súa feira do gando do Domingo de Ramos invitando aos colleiteiros de Amandi a traer os seus viños, pensando que así poderían dinamizar unha feira que xa se estaba a perder... e sen dúbida o conseguiron, pois o resultado foi unha feira do gando cunha vaca e trece barricas! UNHA VACA e trece barricas!

O resto é historia: unha denominación de orixe que chega no 1996 e unha Feira increíblemente popular que leva 38 anos celebrándose sen pausa. E todo naceu polo desexo dun pobo de preservar, nutrir e coidar o seu; o desexo de facer dos valores locais valores universais, o desexo de continuar cunha tradición milenaria que ben podería definir o espírito de supervivencia da nosa terra: Heroica.

Amandi é o nome dunha parroquia de medio centenar de habitantes que viaxa por todo o mundo a través do traballo da súa terra. Ler sobre os vosos viños en revistas e periódicos internacionais, como *The New York Times*, *The Telegraph* ou *Wine Enthusiast* échenos a todos de orgullo e lémbra-nos o poder dos nosos viños como exportadores e embaixadores da nosa terra, como dinamizadores da nosa cultura e da nosa economía.

Sen vós, as mulleres e homes que traballan a terra, todo isto sería imposible. Sen un pobo unido polo desexo de celebrar o seu, quen sabe que pasaría coa denominación de orixe da Ribeira Sacra. É o noso patrimonio, e por eso hai que coidalo.

A Ribeira Sacra é un símbolo de moitos valores universais. A constancia, o esforzo, o traballo en colaboración, o amor pola terra... é un símbolo de unión: Lugo e Ourense únense para celebrar a beleza monumental dun dos patrimonios naturais, relixiosos e vitivinícolas máis fascinantes do noso país.

Pero hoxe celebramos isto e moito máis, pois a cultura do viño é a cultura da xente; xira ao redor do pobo e dos seus costumes, o seu sabor define a súa xente, a súa identidade. Hoxe celebramos estar todos unidos, co viño, pero tamén coa vosa artesanía, coa vosa cerámica de Gundivós, e a vosa increíble gastronomía (doce e salgada)... cos produtos do traballo constante e a relación coa natureza que tanto nos define e nos fai ser como somos.

Como músico, non podo evitar pedir que tamén celebremos unha Banda de Música que naceu case cen anos antes que esta Feira, pero que a acompaña dende os seus inicios, nesa inseparable relación que fai do viño música e da música viño... Unha Banda que ben merece un capítulo na historia da música de Galicia pola súa fascinante historia. E unha Banda que, como o voso Viño, dinamiza a seguinte xeración a través do outro alimento da alma, a música...

Así que brindemos todos polo que nos une: a música, o amor ao noso, os produtos da nosa terra, o viño de Amandi... a Ribeira Sacra...

Brindemos con Viño ou con Música porque se o director da Banda, o meu amigo Miguel Franqueiro, se anima a traerme unha Gaita para brindar con ela e coa Banda... entón a celebración está completa....

Que viva a nosa Cultura, que viva a Banda de Música de Sober!
E que viva a Feira do Viño de Amandi!